

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A COLABORACIÓN NO MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA.

Edición CURSO 2018

Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2018

REUNIDOS:

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, nomeado para o dito cargo polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº127, do 14 de novembro), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da devandita Lei e polo Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo; Lei 2/2007, do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Lei 12/2007, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; e tamén polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facendo do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82).

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o art.36.1f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de Outubro (DOG do 17 de Outubro), da citada Consellería.

EXPOÑEN:

Primeiro: Que, de acordo cos seus Estatutos, a Universidade da Coruña (en diante, UDC) ten competencia para poñer en marcha Estudos Propios de Posgrao que dean lugar a Diplomas e Títulos Propios desta.

Segundo: Que a Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), entidade dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten como un dos seus obxectivos preferentes promover e difundir o coñecemento tecnolóxico e a capacidade de Innovación empresarial, e conta con capacidade de planificación, ordenación e fomento neste eido, así como con experiencia administrativa e persoal experto nestas funcións.

Terceiro: Que a Universidade da Coruña imparte un Máster (60 créditos ECTS) denominado “INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA” de xeito que os alumnos que o cursen con aproveitamento obterán o correspondente Título de “MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL DA EMPRESA”, Título Propio outorgado pola UDC. Este Máster inclúe dous cursos de

especialista universitario (30 créditos ETCS) en Estratexia Dixital da Empresa e en Xestión Empresarial da Innovación que se poden cursar por separado nos respectivos Posgrados do mesmo nome.

Consonte co anterior, acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e alcance.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade da Coruña, en aquelas actividades nas que as devanditas entidades cooperen no desenvolvemento do Máster en *Innovación e Estratexia Dixital da Empresa* (en diante, o máster).

O deseño académico do devandito máster adáptase ao establecido no Regulamento de Estudos Propios de Posgrao da UDC, autorizado polo Consello de Goberno da mesma na súa sesión de maio de 2017.

O máster será organizado polo Departamento de Economía, a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, de acordo coa memoria que se xunta como ANEXO I que resume as principais características do curso autorizado polo Consello de Goberno da UDC.

Segunda.- Obrigas das partes.

GAIN no exercicio das súas funcións apoiará ás ensinanzas do máster achegando a súa visión da realidade dos servizos e capacidades de innovación para a mellor adecuación das ensinanzas á realidade práctica das empresas, e ao sistema galego de innovación, facilitando a información necesaria para os acordos de prácticas dos estudantes, e autorizando aos seus expertos a impartir leccións no máster. Isto levarase a cabo respectando o artigo 32 do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao, no que se dispón que, cando menos a cuarta parte dos créditos programados para un curso propio sexa impartida por profesorado da propia Universidade.

Pola súa parte, a UDC asume os compromisos de levar a cabo as actividades e tarefas precisas para a Impartición do Máster, segundo se recolle no anexo I do presente convenio.

Terceira.- Condicións económicas e réxime de financiamento.

O presente convenio non implica gastos ou cargas financeiras para GAIN.

Así mesmo, o dito convenio non implicará gastos nin cargas financeiras para a UDC, máis alá das derivadas da realización do curso.

A UDC delega a xestión económica do máster, na Fundación Universidade da Coruña. A citada Fundación percibirá pola dita xestión, o 5% máis IVE, do orzamento total xestionado; tal como se especifica na Cláusula Quinta do Convenio Marco asinado entre a UDC e a Fundación.

A Fundación Universidade da Coruña responsabilizarase, conxuntamente co director do Estudo Propio de Posgrao, da axeitada aplicación dos orzamentos incluídos no Proxecto de Implantación que ambas as partes manifestan coñecer. Para tales efectos, unha vez rematada a edición do curso,

a Fundación Universidade da Coruña certificará a execución do orzamento reflectido na memoria final do curso.

Cuarta.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata a data de remate do curso de Máster, que terá lugar unha vez finalizadas as prácticas dos estudantes, e, en todo caso, como máximo, o 31/12/2019

Antes da finalización da vixencia prevista para o Convenio, os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de catro anos adicionais, que empezarán a contar dende a data de sinatura da correspondente prórroga, ou, en caso contrario, acordar a súa extinción.

A devandita prórroga non suporá gasto ningún para a GAIN.

Quinta.- Mecanismos de seguimento e control.

Para o seguimento e control das accións recollidas no convenio crearase unha Comisión mixta de Seguimento, de composición paritaria; integrada por dous membros por cada unha das partes asinantes.

Os membros de GAIN que formarán parte desta comisión serán a dirección da Área de Programas e a coordinación da Unidade de Planificación e Cooperación Estratéxica.

Os membros da UDC que formarán parte desta comisión serán 2 responsables do Máster; ou persoas nas que se delegue.

Sexta.- Resolución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, polo transcurso do tempo estipulado sen que se realice a actividade obxecto do convenio, ou polo mutuo acordo das partes asinantes.

Sétima.- Réxime do convenio e normativa de aplicación.

O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico da Administración Pública; prevé a posibilidade de que a Administración Xeral e os Organismos Públicos vinculados ou dependentes da mesma, celebren convenios de colaboración cos órganos correspondentes das Administracións das Comunidades Autónomas nos ámbitos das súas respectivas competencias.

O presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público no seu artigo 6, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Resulta de aplicación o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (publicado mediante Resolución do 8 de abril de 1991 da Consellería de Economía e Facenda).

Son aplicables a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico; e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

E en proba de conformidade, asínase o presente por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

Pola UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Pola AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Xulio E. Abalde Alonso.

Francisco José Conde López

ANEXO I: MÁSTER EN INNOVACIÓN E ESTRATEXIA DIXITAL

Organización: Departamento de Economía a través da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea, dirixido polos profesores doutores: Antonio García Lorenzo e Andrés Faiña (áreas de Fundamentos de Análise Económica da Facultade de Economía e Empresa). No curso participan especialistas de institucións de investigación, centros tecnolóxicos e empresas innovadoras para proporcionar a visión práctica no desenvolvemento de novos produtos, xestión de tecnoloxía, proxectos de I+D e xestión integral da empresa. Participan expertos de, entre outras entidades e empresas, Instituto Tecnolóxico de Galicia, Axencia Galega de Innovación, Consejo de Investigaciones Científicas, R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A, Grupo I+D+Mk, Grupo Integrado de Ingeniería, etc.

Obxecto: Cubrir a ausencia habitual de técnicas de xestión empresarial nos especialistas en I+D+ i, facendo fincapé na formación teórica e práctica para a xestión empresarial da innovación, desde as modernas técnicas de innovación e desenvolvemento de novos produtos (I+D+Marketing) e a xestión de proxectos de I+D (modelos de xestión empresarial da tecnoloxía), hasta os instrumentos de xestión integral da empresa innovadora (ERPS).

Público ao que se dirixe:

- 1) Titulados en economía e empresa e persoal directivo sen experiencia de xestión da innovación e a I+D (a experiencia do curso de innovación da Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea confirma o valor deste complemento formativo para os profesionais da economía e a empresa).
- 2) Científicos e técnicos especialistas en I+D, ofrecendo a visión económica e as técnicas de xestión empresarial para enriquecer o horizonte das decisións de investigación aos efectos de mellorar os resultados de difusión e transferencia de coñecementos.

Estrutura:

O curso estrutúrase en dúas partes, que poden cursarse de forma separada ou conxunta segundo as necesidades formativas dos estudantes. Unha parte trata a “Xestión Empresarial da Innovación” e a outra da “Estratexia Dixital da empresa”, de 30 créditos ECTS cada unha delas. Cada parte consta de 240 horas de clases presenciais cunha formación práctica de tres meses (en horario de mañá ou tarde) en empresas innovadoras e centros de investigación/ tecnoloxía e/ou transferencia. O curso completo “Máster en Innovación e Estratexia Dixital da Empresa” ten unha duración de 480 horas de clases presenciais, con 60 créditos ECTS.



Contido.- Xúntase cadro co temario do curso:

ESTRUCTURA DO PROGRAMA EN MÓDULOS ^(3,1)					
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	HP	HNP	HT	ECTS
MOD01	E-BRANDING E XERACIÓN DE CONTIDOS	70,00	148,75	218,75	8,75
MOD02	E-COMMERCE, EMPRENDEMENTO DIXITAL E VENTAS	70,00	148,75	218,75	8,75
MOD03	ESTRATEGIA DE INNOVACIÓN NA EMPRESA E INNOVACIÓN DE PRODUTO	70,00	148,75	218,75	8,75
MOD04	XESTIÓN DE PROXECTOS DE I+D. PLANIFICACIÓN DA INVERSIÓN, AVALIACIÓN FINANCEIRA E DEFENSA DE PROXECTOS	70,00	148,75	218,75	8,75
MOD05	DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DA ESTRATEGIA DE CONTIDOS E SOCIAL MEDIA CA MEDICIÓN DA CAMPAÑA (Prácticas na empresa)	50,00	106,25	156,25	6,25
MOD06	DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO DO E-COMMERCE (Prácticas na empresa)	50,00	106,25	156,25	6,25
MOD07	DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO DE INNOVACIÓN NO PRODUTO (Prácticas na empresa)	50,00	106,25	156,25	6,25
MOD08	DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DO PROXECTO DE I+D (Prácticas na empresa)	50,00	106,25	156,25	6,25